



NO FONDO DOS ESPELLOS

O analista

XOSÉ LUIS MÉNDEZ FERRÍN

Ao findarmos os estudos, a Bernardino Graña e máis a min ofrecéusenos a posibilidade de ser contratados pola Universidade de Austin (Texas). Emilio González López, profesor alí, quería reclamar os nosos servizos. Por un intre, gorentoume a idea de acudir ao chamamento, mormente por frecuentar reservas de apaches e montar a cabalo naquelas chairas. A final, nin Bernardino nin eu optamos polo autoexilio pois o tributo que había que pagar era o de consagrarmos a vida académica digamos que a Lope de Vega e converternos en funcionarios do hispanismo norteamericano. Puaf, saíunos aos dous desde o máis íntimo.

Nos anos cincuenta e sesenta do século XX moitos mozos ben preparados de Galicia aos que lles doía a vida negra que o franquismo impuña optaron pola emigración. Foron parar algún, coma Camilo G. Suárez-Llanos (tamén Gonsar), a universidades norteamericanas. En canto a José Ángel Valente, Xoán Anllo, Ramón Lufrís ou Fernando Pérez-Barreiro, eles (coma Julio Cortázar) abrazaron o oficio de tradutores en organismos internacionais. Algúns dos evadidos da dura cotidianidade do fascismo español perdéronse para Galicia e non se fixeron presentes no combate exterior pola democracia. No caso de Pérez-Barreiro, a súa posición antifranquista e nacionalista cobrou dureza de aceiro na fragua da lonxanía. Coido que o único que regresou para se reincorporar á triste Patria físicamente foi Camilo Gonsar. Acordome moito del.

Estou a falar dun verdadeiro exilio político que, até agora, non coñeceu cronista adecuado nin foi obxecto de estudos, que nos saibamos no *Fondo dos Espellos*.

Morreu eses meses a tras Fernando Pérez-Barreiro Nolla (nacera en Ferrol e no ano 1931). Pouco antes do pasamento, a Facultade de Filoloxía compostelá publicou un seu ensaio sobre a personalidade política e cultural de Ramón Piñeiro. Situándose no epicentro da polémica, Pérez-Barreiro disecaba con fino escalpelo a obra, o pensamento e o modo político e apolítico de Ramón Piñeiro, e lograba destituir definitivamente a tediosa mitificación que esta personalidade contemporánea viña sufrindo. Despois das páxinas a el consagradas por Pérez-Barreiro, Ramón Piñeiro xa non voltará nunca ser aquilo que os seus epígonos fantasiosos pretendían que fose.

Pérez-Barreiro era así: claro, duro, preciso, informado, cordial, lúcido, xeneroso, analítico.



Fernando Pérez-Barreiro Nolla.

Lembro un Pérez-Barreiro xove, polas rúas de Compostela, cando aquilo era mesmente o ventre do silencio. Falamos pouco. El expresábase nun galego óptimo e nas súas frases fulxía a inteloxencia e o humor. Concorría Pérez-Barreiro connosco ás Festas Minervais e participaba, a distancia, do círculo de Piñeiro, García-Sabell e Otero Pedrayo. Máis tarde, e antes de 1960, estou a ver Pérez-Barreiro coa paipa na man e chaqueta Cheviot acompañando a Teresa Barro no bar inesquecible de Filosofía e Letras, Madrid. Pouco tratei a Pérez

Barreiro na miña vida. Recordo con nostalxia a presentación, con Luís Mariño, dunhas traducións do chinés ao galego feitas por Fernando.

Sempre, na miña vida, tiven presente a Pérez-Barreiro e non poucas veces me preguntei cal sería a súa opinión sobre isto ou aquilo. El era o poligloto, o pensador ceibe, o investigador incansábel da verdade contemporánea. Produciu con Teresa Barro uns deliciosos panfletos en Londres que nos axudaron a nos manter á capa con decencia durante o temporal confusionista que uns chaman Transición e nosoutros dicimos Reforma Política do Franquismo. Fernando e moi celebrado, madialeva, polos tradutores de linguas extrañas á galega, pois algunhas das súas versións son memorabeis. Tamén o Igadi e as persoas preocupadas pola información en materia de política internacional valoran o seu contributo nesta orde de pensamento analítico. Con todo, resta un Pérez-Barreiro pendente de ser decuberto.

Isto é: el foi un autor secreto que agora deberá converterse en público. Poeta, entre as súas ambicións xuvenís figuraba a escritura dunha tanda plural de novelas longas. Non sei que sería feito da súa lírica e da súa novelística; pro, ao mellor, agora esta produción poderá saír da clandestinidade para se encontrar cun contínxente de lectores que, sen o saber, está á súa espera. Os ensaios e prosas de reflexión de Pérez-Barreiro deberán ser recompilados e dados á estampa de igual maneira.

Quizais a grande entrada, após-morte, de Pérez-Barreiro no mundo das letras se produza coa edición, que prepara Xerais, dunhas súas memorias. Xénero pouco usado en lingua galega, o memorialismo é capaz de que sexa a canle máis axeitada, como dicían os galeguistas, aos talentos de Pérez-Barreiro. Veremos a ver.

Fernando procedía de Ferrol. E pertencía a aquela xinea ferrolá na que se encastaron personalidades tan peculiares, atractivas, nalgún caso sorprendentes ou espectaculares, como foron as de Vicetto, Montero Díaz, Carballo Calero (só foi "Carvalho" pouco antes de morrer), Torrente Ballester, Xohana Torres. O contributo destes e doutros fascinantes, e nalgún caso xeniais, fillos de Ferrol, á cultura humanística é xurdio aínda que desigual. A obra literaria de Pérez-Barreiro, cando sexa publicada, sen dúbida fará impacto e modificará o sistema literario galego. Ao tempo.

"BARBAÑICA" NON: RÍO DOS MUÍÑOS

"Con esta mándolle dúas follas de 'La Región' de Ourense onde sinalo en círculo a animalada que se astá a cometer con insistencia co nome do Río dos Muíños.

Teño teima con esto pois desde moi neno vivín ao pé do Río dos Muíños. Dende o Pozo do Inferno, lugar onde morre, ata Parderrubias, por terras da Merca e os Castros onde nace, coñecín cada pedra, pozas, encoros e todo canto recoveco ten, mellor dito, tiña este Río dos Muíños. Bogas, cachos, troitas, anguías, cobras de río, tartarugas (pocas), pitas de auga, ras, algún que outro martiño-peixeiro, o reiseñor. Todo isto, e se cadra máis, tiña este fremoso Río dos Muíños. As súas augas limpas (o desmán certifica) daban de beber á horta que dende Barbadás a Ourense se estende a todo o seu largo. Aquela escarola macho cocida polas xeadas, que dicía o Manolo Camiña, os cambós para quitar a auga, paraxes coma os Limiaos, Ponxos, Vilaescura: todo is-

Caixa Postal



MÉNDEZ FERRÍN

Sen dúbida a referencia máis erudita da narrativa galega, o escritor e a sabedoría sobre episodios e personaxes que chaman o seu interese.

to, con gran tristura, desapareceu, morreu, non quedan nin os piñeiros (a mellor madeira para os pratos do polbo).

Pois ben, agora nin o nome de Río dos Muíños queda, o que é o peor. Bautizárono, coma se fose aragonés, como Río "Barbañica". Contra esta tropelía levo protestado, berrado e razoado ata o infinito. Como endesamáis logrei nada é polo que recorro a vostede e favor do verdadeiro nome do río, que é DOS MUÍÑOS".

ADOLFO REGO PÉREZ
OURENSE / NIGRÁN

O Río da Barbañica e o Río dos Muíños conflúen en Ourense onda a ponte da estrada de Celanova, hoxe rúa de Marcelo Macías. Logo de xuntaren as augas e até a súa desembocadura no Miño, o río resul-

tante chamarase Barbañica (en feminino). Así é como Otero Pedrayo nos instrúe en diversos lugares, especialmente na súa valiosísima 'Guía de Galicia'. Eu, que de neno tamén andei polo Pozo do Inferno, sempre lle ouvín chamar ao río de que se trata Dos Muíños. Até hai poucos anos, en que puxeron unha placa de sinalización, ninguén en Ourense sabía nada de "Barbañica" ningún.

Ten razón en incomodarse Adolfo Rego Pérez, como tamén hai uns anos se incomodara o seu curmao Manuel Rego Nieto. Eles pertencen a una familia que viviu longos anos na estrada de Celanova e son bos coñecedores do Río dos Muíños. Lembro que a totalidade das tartarugas que tiñamos os rapaces do meu tempo na cidade de Ourense (chamabámoslles sapoconchos) procedían dos ríos Barbañica e Dos Muíños, nos seus respectivos cursos altos ou medios.